



CONCELLO DE CHANTADA

EXPTE: 975/2020

Don Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, Alcalde-Presidente do Concello de Chantada (Lugo), en uso das súas atribucións legalmente conferidas ditou a seguinte, **RESOLUCION**

NOTIFICACION

“Visto o expediente de selección para a creación dunha bolsa de emprego para substitucións dos/as traballadores/as sociais do Concello de Chantada (nº de decreto: 2021-0316).

Visto que mediante decreto de Alcaldía ditado con data 28/04/2021 foi aprobada a lista definitiva de admitidas/os ao devandito proceso de selección, establecendo como data para o inicio das probas mércores, día doce de maio do 2021, as dezaseis horas, no INSTITUTO VAL DO ASMA, sito na Avda Monforte, s/n desta Vila .

Visto que con data 11 de maio do 2021, aprobouse unha convocatoria extraordinaria para a celebración das probas obxecto do presente procedemento de selección toda vez que unha das candidatas, dona O. G. G., atopábase en situación de corentena por razón da COVID 19 por prescripción dos servizos de saúde da Xunta de Galicia.

Visto que na data de celebración da primeira proba presentáronse 13 candidatas, resultando todas elas aprobadas segundo se desprende da acta do tribunal emitida con data 12 de maio de 2021.

Resultando que a candidata dona O. G. G. presentou ante o Concello o correspondente certificado médico de PCR sobre a COVID 19 con resultado negativo.

Visto que conforme ao disposto nas bases específicas da convocatoria e na devandita acta do Tribunal procede convocar ás aspirantes que superaron a primeira proba para a realización da proba práctica.

En virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local”.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar a dona O. G. G. o xoves día 27/05/2021 ás dez horas no Auditorio Municipal, sito na Praza de Galicia, s/n desta Vila, para a realización da primeira proba do proceso de selección.

SEGUNDO.- Convocar a todas/os aspirantes que superaron a primeira proba do proceso de selección para a celebración da proba práctica as 11:30 horas do xoves día 27/05/2021 no Auditorio Municipal, sito na Praza de Galicia, s/n desta Vila.

TERCEIRO.- Comunicar a todas/os as/os aspirantes que precisen facer a proba de galego que esta terá lugar unha vez que remate o segundo exame, no mesmo lugar onde se realizaron as outras probas.

CUARTO. Publicar esta resolución de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais no Taboleiro de Edictos da Corporación, páxina web do Concello e comunicala os membros do Tribunal, para os efectos oportunos.

En Chantada, a DATA DA SINATURA ELECTRONICA
Ante min,
O SECRETARIO,
Asdo: Fernando Torre Comesaña

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4T9P5ATRFCMA7J6HGJAMIEYH6E | Corrección: https://chantada.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1